



## CONCELLO DE BUEU

### DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/5/C92-14

Page 1 of 5

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de prescripcóns técnicas foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión extraordinaria de data de 2015  
Bueu, a de 2015  
A Secretaria do concello  
**Nuria Lobato Del Río**

## PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PSICOLÓXICO PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES DO CONCELLO DE BUEU.

### PRIMEIRA:OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é a contratación dun psicólogo/a para apoio e atención psicolóxica ás usuarias do servizo e a seus fillos e fillas, desenvolvendo as accións precisas cara a favorecer a súa recuperación e integración familiar e social, promover a súa autonomía persoal e reparación do impacto emocional do dano. Así mesmo,colaborará na elaboración e realización das actividades do Centro de Información ás Mulleres (CIM) deste Concello.

### SEGUNDA.- OBXECTIVOS

O obxectivo do servizo é ofrecer unha atención integral experta en xénero e igualdade coa finalidade de diminuír e eliminar as pegadas persoais,económicas,sociais e laborais das vítimas da violencia de xénero e demais usuarias do Centro, así como a derivación a outros departamentos para a prestación dunha atención multidisciplinar.

A intervención será segundo os principios seguintes:

- Aplicación transversal da perspectiva de xénero ao longo de todo o proceso de intervención.
- Igualdade de trato para todas as usuarias do Centro, con independencia da súa residencia ou situación administrativa.
- Individualidade de trato a cada usuaria, como caso único e diferenciado.
- Confidencialidade da información e datos achegados pola usuaria, que non poderán ser utilizados nin cedidos a terceiros sin a súa autorización expresa, agás o establecido no artigo 15.4º do Decreto 182/2004, de 22 de xullo que regula os Centros de Información ás Mulleres e requisitos para seu funcionamento.
- Anonimato na identidade das usuarias, salvo a súa decisión en contra.
- Respecto a vontade das usuarias na busca das posibles solucións e alternativas ás súas demandas. Isto é, tomar sempre as decisións baseadas nos intereses delas e dos menores que poidan estar implicados.
- Integración social como cidadás de pleno dereito, fomentando a súa participación activa dentro da sociedade na que viven.

### TERCEIRA.- USUARIAS

A entidade ou persoa adxudicataria terá que atender ás mulleres e a seus fillos e fillas, que residan na nosa Comunidade Autónoma, que cumpran os requisitos do Decreto 182/2004 de 22 de xullo que regula os Centros de Información ás Mulleres. Nomeadamente, todas as mulleres e menores , vítimas da violencia de xénero, que dada a gravidade da situación na que se atopen, precisen de intervención especializada por sufrir malos tratos físicos,psíquicos,sexuais,económicos ou calquera outro dos previstos no artigo 1.1º e 1.3º da LO 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e no artigo 6 e) da Lei 7/2004, do 16 de xullo galega para a Igualdade de Mulleres e Homes.

### CUARTA.- RÉXIME DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

A intervención terá como obxectivo o apoio individualizado a cada usuaria, fomentando a súa autonomía, co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida e a integración no seu entorno.

A atención será presencial, previa cita, no CIM, agás dos supostos de urxencia por violencia de xénero aos que se lles dará prioridade, especialmente ás derivacións da Garda Civil de Marín, EMUME, CNP e Xulgados. Non obstante,se atenderán por teléfono as consultas sinxelas que non requiran de terapia ou a práctica de tratamento específico que esixa a presenza da usuaria.

#### Funcións específicas da atención con mulleres

A intervención psicolóxica (avaliación, diagnose) se realizará con perspectiva de xénero no desenvolvemento da terapia, que terá como finalidade a mellora das pegadas dos malos tratos así como a capacitación para a súa vida cotiá. Ao comezo da primeira sesión,a/o terapeuta fará un plan individual de intervención, do que se informará á usuaria e que esta terá que autorizar e asinar xunto ao compromiso de participación activa.

Serán funcións específicas nos supostos de violencia de xénero:

- Avaliación de risco dado o perfil do agresor.
- Detección de depresións e ideas suicidas.
- Ansiedade e somatización.
- Estrés postraumático.
- Sentimento de culpabilidade.
- Falta de autoestima. Illamento e falta de apoio.
- Habilidades sociais, cognitivas e de comunicación.
- Trastornos de alimentación.
- Trastorno do sono.
- Trastorno da personalidade.
- Estratexia para solventar o conflito e toma de decisións das mulleres que viven unha relación violenta.

- Calquera outra sintomatoloxía que impida ou atranque a integración e normalización da vida cotiá da usuaria.

A adxudicataria terá a obriga de establecer canles de comunicación co Centro de Saúde de Bueu e os/as doutores/as de familia que atendan as usuarias con problemas de alteración de conduta, trastornos alimentarios ou de personalidade, depresión, ansiedade ou calquera que supoña un risco para a saúde da usuaria, coa finalidade de coordinar actuacións e derivación dos casos que sexan precisos. Tamén será da súa competencia a coordinación con Unidades de Saúde Mental e as/os psicólogas/os adscritas/os ao programa de Atención a Vítimas de Violencia de Xénero, do que forman parte una rede de profesionais debidamente acreditados que levan a cabo intervención profesional en casos específicos que non se poidan atender polos CIM,s.

A intervención psicolóxica con fillos e fillas de vítimas de violencia de xénero terá como finalidade a superación da situación por eles vivida. Para isto é preciso fomentar a educación en valores e o desenvolvemento persoal integral desde a perspectiva de xénero, segundo o establecido no artigo 9.1º e) da Lei 7/2004, de 16 de xullo galega de Igualdade entre Mulleres e Homes.

#### Función da intervención con menores

- Valoración do posible impacto da violencia vivida directa ou indirectamente polos fillos e fillas das vítimas de violencia de xénero: problemas de integración escolar, de socialización, parentalización, depresión e alteracións no desenvolvemento afectivo.
- Asesorar á nai, vítima de violencia de xénero, sobre pautas e xogos coeducativos axeitadas para a estimulación e o desenvolvemento equilibrado nos nenos e nenas, en coordinación cos equipos de orientación dos centros educativos.
- Realización, trala diagnose, dun plan de intervención para cada menor, aprobado pola nai ou persoa responsable do neno/a, así como da orientadora do centro educativo donde esté escolarizado ,co compromiso de seguir as pautas e desenvolver a avaliación continua do plan de intervención.
- Deseño de programas específicos dirixidos a educar desde a transversalidade, co obxectivo de fomentar o respecto e igualdade nas relación entre muller e home a través da realización de obradoiros de coeducación, prevención de violencia de xénero e resolución asertiva de conflitos dirixido aos menores dos centros educativos da vila.

#### Serán tarefas comúns do equipo técnico:

- Elaboración do plan de intervención conxunta de cada usuaria.
- Valoración conxunta da evolución dos casos e cumprimento de obxectivos dos plans de intervención.
- Coordinación interna e externa en todos os casos, especialmente en violencia de xénero.
- Participación e preparación da orde do día e demais actividades das mesas de traballo de violencia de xénero, do Día Internacional das Mulleres e Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero.
- Derivación e tramitación de solicitudes de ingreso en centros de acollida para vítimas de violencia de xénero, axudas económicas, servizo de telemóbil, asistencia xurídica

gratuíta en xeral, así como a solicitude e tramitación das subvencións provinciais, autonómicas e estatais das que poida ser beneficiario o Centro.

- Realización de Memoria Anual de Actividades e estatísticas mensuales, segundo o establecido no artigo 14.4º do Decreto 182/2004, de 22 de xullo polo que se regulan os Centros de Información ás Mulleres
- Realización de actuacións de sensibilización e prevención da violencia de xénero.

No cumprimento de todas estas funcións, se acatará o previsto na LOPD e o RDLOPD.

#### QUINTA .- RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES

#### SEXTO.- LUGAR DE PRESTACIÓN DO SERVIZO E HORARIO DE FUNCIONAMENTO

O servizo de atención psicolóxica adscrito ao Centro de Información ás Mulleres deste Concello se levará a cabo nun despacho sito na sede do CIM e será de trinta e sete horas e media á semana, que se realizarán de luns a venres en horario preferentemente de mañá, aínda que se poida prestar tamén polas tardes segundo as necesidades do servizo.

A directora do Centro será a técnica responsable de supervisar a adecuada prestación do servizo. A entidade ou persoa adxudicataria terá xuntanzas coa responsable para informar das xestións realizadas, nas que se darán as indicacións precisas para o correcto desenvolvemento do servizo, así como a conveniencia de cambio de horarios, para supostos concretos ou dun xeito temporal cara a mellor realización do mesmo. En ningún caso se adoptarán horarios que impidan, trastornen ou prexudiquen a atención ás demandas das usuarias ou das súas fillas e fillos ou contrarios ao artigo 15.2º e 3º do Decreto 182/2004, de 22 de xullo.

Bueu, a 19 de xaneiro de 2015

A Directora do CIM Bueu

Monserrat González García

